

## Abby Kaplan

*Women Talk More than Men... And Other Myths about Language Explained*

Cambridge, United Kingdom: Cambridge University Press. 2016. 310 pp.

Recensión de Tatiana Seijo Rodríguez, Universidade de Santiago de Compostela

ABBY Kaplan, profesora no Departamento de Lingüística da Universidade de Utah, nos EUA, deléitanos cun libro instrutivo, moi claro e aconsellábel, non só para persoas con intereses lingüísticos senón tamén para calquera tipo de público con formación universitaria. É indubidábel que as ideas presentadas nos axudan a complementar a nosa información no ámbito da investigación en ciencias sociais, con especial atención ás disciplinas lingüísticas. Primeiramente, un dos principais obxectivos do volume é analizar e desmentir mitos e crenzas convencionais sobre algúns usos lingüísticos. En palabras de Kaplan: “we will put a special focus on debunking language myths” (p. 2). O segundo obxectivo é observar como se planifican e desenvolven os estudos de investigación lingüística, para achegar unha idea clara á audiencia sobre o traballo que se realiza nesta disciplina e ciencias afíns. Así, por exemplo, no capítulo 2, aborda a crenza de un dialecto non ser outra cousa ca unha colección de erros gramaticais, explícase o interese e o sentido da abordaxe das análises sintácticas (sección 2.2.1), e no capítulo 8, o dedicado ao mito de que as mulleres falan máis ca os homes, a autora explica en detalle cando e como se realizan os estudos etnográficos (apartado 8.2.1.).

En canto á organización do libro, o contido está dividido en 3 partes e 11 capítulos. Para comezar, atopámonos cunha breve introdución, seguidamente, cos tres bloques temáticos, nos que se tratan temas relacionados con mitos lingüísticos e, finalmente, cun apéndice con información sobre procedementos estatísticos. Para esta recensión só imos deternos en dous capítulos da Parte III, mais citaremos as demais partes para ter unha idea global do conxunto do libro. É de mencionar que cada capítulo desenvolve a mesma estrutura: comézase describindo o tema tratado dun xeito xeral e séguese cun estudo de caso (*Case study*), que examina publicacións concretas sobre ese tema, avaliando os progresos e os resultados. Existe tamén unha sección para máis reflexión (*For further reflection*), con exercicios recomendados para consolidar o aprendido ao longo das seccións anteriores, e, para rematar, outra dedicada a lecturas complementarias (*For further reading*), que recomenda outras lecturas de interese.

A parte I trata cuestións sobre a linguaxe de signos, a linguaxe animal e a concepción de que os dialectos son compilacións de erros, ou, dito doutro xeito, unha visión errada da lingua; tres capítulos contidos baixo o título xenérico “... *But it is language*”. Na parte II, Kaplan desmonta algúns dos mitos máis espallados sobre adquisición e aprendizaxe de linguas. Aborda tres asuntos: a adquisición da linguaxe en idades

temperás —onde traza unha exposición a propósito das crenzas en diversas culturas (apartado 5.1.)—, a dificultade para os adultos aprenderen novas linguas na idade adulta e se ser bilingües nos fai persoas máis intelixentes ou á inversa. Finalmente, na parte III móstransenos algúns mitos relacionados cos usos lingüísticos: “as mulleres falan máis ca os homes” (capítulo 8), “as tecnoloxías inflúen na linguaxe” (capítulo 9), “o francés é a lingua máis fermosa” (capítulo 9) e “a nosa lingua limita o noso pensamento” (capítulo 10).

No capítulo “as mulleres falan ca que os homes” explórase o mito lingüístico de que o xénero condiciona a linguaxe e por tanto as mulleres empregan técnicas discursivas marcadamente diferentes ás dos homes. Para comezar, expóñense algunhas das ideas principais sobre o tema, entre elas destácanse as seguintes: as mulleres falan máis ca os homes, os homes son máis directos e asertivos e as mulleres máis educadas e correctas lingüisticamente. Xorden aquí cuestións como a tradicional visión occidental sobre a linguaxe e o xénero, a linguaxe e o xénero en contexto e como inflúe nos comportamentos sociais, e ofrécense unha serie de exemplos reais: 1) a expresión da cortesía no Madagascar rural; 2) o recurso do *kros*, un monólogo violento, longo e cun discurso de odio en contra da persoa causante da rabia ou o enfado empregado en Papúa Nova Guinea, que está moi asociado ao xénero feminino; 3) a idea de corrección tipicamente relacionada coas mulleres; e 4) o uso das variedades de prestixio e non-prestixio en Norwich.

O primeiro estudo de caso conclúe que non existen evidencias que sosteñan que as mulleres usan 20.000 palabras por día mentres que os homes usan apenas 7.000, nin outras cifras que sosteñan esa hipótese. De feito, nalgúns casos relacionados coa literatura demostrase que, pola contra, eran os homes quen con frecuencia usaban máis palabras. Achéganse unha serie de investigacións desenvolvidas e publicadas desde finais dos anos 70 ata a actualidade baseadas en estudos de campo e experimentos sobre a toma de decisións en grupos pequenos e as desigualdades de xénero no contexto das decisións democráticas. Tales investigacións analizan comportamentos no contexto das aulas universitarias e reflexionan sobre temas como: o xénero e poder nas relacións románticas, o comportamento lingüístico dunha persoa ao longo dunha xornada, a pertenza de grupo, a solidariedade e a resolución de tarefas en grupo. Realmente, o que todas estas investigacións manifestan é que o xénero é máis un factor, como o son as expectativas sociais, as relacións interpersoais e as relacións de poder.

Por outra banda, no segundo estudo de caso menciónase o libro de Lakoff *Language and Women's Place* (1975), no que se vencella a fala das mulleres co rol de subordinación feminina na sociedade. Unha das cuestións que Lakoff (1975) salienta é que as mulleres acostuman usar máis preguntas confirmativas (*tag questions*) e isto pode indicar que a falante non está segura e/ou non quere mostrar a súa opinión directa-

mente. Conclúese que, segundo Lakoff, as mulleres presentan unha maior tendencia a empregar *tag questions* e outras fórmulas que indican inseguridade. Non obstante, cómpre destacar que as preguntas confirmativas, así como outras técnicas expresivas semellantes, non necesariamente mostran inseguridade, senón todo o contrario, maior confianza e determinación. Cameron, McAlinden & O’Leary (1989) refutan as ideas de Lakoff sobre a caracterización da fala feminina. Os resultados de Cameron suxiren que, alomenos algunhas preguntas de tipo confirmatorio, poden incluso ser características de discursos de persoas en situación de poder.

No capítulo “O francés é a lingua máis fermosa” céntrase a atención nas distintas ideas ou preconceitos que se teñen dunha lingua, moitos deles con parámetros puramente estéticos, como se é “bonita” ou “fea”. Propóñense unha serie de principios lingüísticos relacionados coas propiedades e estrutura das linguas, a súa cultura e historia e os estereotipos que se crean en base ás persoas que as falan, entre outros. Que converte a unha lingua en “fermosa” ou “fea”? Ben, neste libro expóñense algunhas das ideas principais que sitúan ao francés como unha lingua “fermosa”, nalgúns casos ata como a lingua máis fermosa por excelencia e, pola contra, ao alemán como unha lingua “fea” pola consideración da súa fonética como agresiva por sons como os velares fricativos, os uvulares ou os sons farínxeos. Os mesmos prexuízos existen para outras linguas, como o hebreo ou o árabe. Curiosamente, neste punto menciónase tamén como estas ideas son trasladadas ás linguas inventadas que se crean para filmes ou series. Temos o exemplo da lingua Dothraki creada por George R.R. Martin en *Xogo de Tronos*, descrita como unha lingua gutural e agresiva.

O estudo de caso deste capítulo trata se hai variedades máis fermosas ca outras e proponse o caso do grego de Atenas fronte ao grego de Creta e a pronuncia *cockney* considerada menos agradábel que a *received pronunciation* do inglés estándar. Na pescuda sobre o caso grego, Giles *et al.* (1974) fixeron unha investigación para descubrir se un grupo de estudantes do Reino Unido, sen coñecementos de grego, podía observar diferenzas estéticas e cualificar segundo algúns parámetros (prestixio, intelixencia, sofisticación, agresiva/brusca, divertida ou fermosa/estética) estas dúas variedades. Con este fin, reproduciron 6 mostras de 30 segundos de duración en distintas variedades, algunhas delas eran en grego ateniense e en grego cretense, ambas as dúas gravadas pola mesma persoa, falante das dúas variedades. Atendendo ás respostas dos estudantes, non parece existir unha relación entre a variedade considerada de prestixio, habitualmente asociada ao grego ateniense, e características máis positivas. De feito, o alumnado británico non asignou cifras moi diferentes a unha e outra variedade, incluso nalgúns casos o grego cretense obtivo unha puntuación máis alta.

Definitivamente, considerar algunhas variedades máis fermosas ca outras é unha cuestión derivada de prexuízos e estereotipos. Kaplan argumenta que o importante

é resolver se estas crenzas teñen algunha base sociolingüística. As investigacións lingüísticas susténtanse na certeza de que non hai linguas mellores ou máis fermosas ca outras. Aínda con iso, está claro que as persoas temos distintas percepcións e opinións sobre as cousas e as linguas non son unha excepción, aínda que moitas destas concepcións foron espalladas ao longo do tempo e palialas é sen dúbida un desafío para a lingüística.

O libro que estamos a comentar é un libro accesíbel para todo tipo de público, completo e claro. Todos os capítulos seguen o mesmo patrón de organización da información, o cal axuda a interiorizar os conceptos tratados, ademais de facilitarnos a comprensión lectora. Ademais disto e de presentar unha organización temática agrupada e ben definida, os capítulos poden ser lidos de maneira independente e na orde que se desexe, sen que isto afecte de xeito ningún á comprensión.

Unha das contribucións máis interesantes da obra son os estudos de caso que podemos atopar ao final de cada capítulo, aos que lles recoñecemos especial interese. Ao tratarse de casos próximos, da vida cotiá, é máis doado identificármonos e se candra reflexionarmos sobre eses mitos dende unha perspectiva máis crítica e obxectiva. Paralelamente, non debemos esquecer a sección que invita a reflexionar máis (*For further reflection*); trátase dunha alternativa innovadora e instrutiva para seguirmos investigando sobre mitos lingüísticos nun plano máis persoal.

En definitiva, o volume de Kaplan ilustra como todo mito lingüístico debe ser analizado antes de ser concluído e, nin así, ten por que ser a única opción nin a definitiva. Porque as valoracións deben ser o máis fieis posíbeis á realidade que estamos a estudar sen caer en prexuízos ou estereotipos que atrapallen a nosa opinión crítica.

## Referencias bibliográficas

- Cameron, Deborah, Fiona McAlinden, Kathy O'Leary. 1989. Lakoff in context: The social and linguistic functions of tag questions. En Jennifer Coates & Deborah Cameron (eds.), *Women in Their Speech Communities: New Perspectives on Language and Sex*. 74-93. London: Routledge.
- Giles, Howard, Richard Bourhis, Peter Trudgill & Alan Lewis. 1974. The imposed norm hypothesis: A validation. *The Quarterly Journal of Speech* 60 (4), 405-410.
- Lakoff, Robin. 1975. *Language and Women's Place*. New York: Harper & Row.